

## NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

### 1. Normas xerais

Os concursos de acceso para os corpos docentes universitarios e para a selección de persoal docente laboral rexeranse polas bases das respectivas convocatorias, no marco do establecido na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), nesta normativa e nas restantes disposicións legais vixentes que resulten de aplicación.

### 2. Convocatoria e presentación de solicitudes

1. A convocatoria dos concursos públicos para a selección do persoal docente e investigador realizarase por resolución reitoral.

Cando se trate de prazas de profesorado con vinculación asistencial, a convocatoria realizarana conxuntamente a universidade e a institución sanitaria e será asinada polo/a reitor/a da universidade, que será a institución responsable da súa execución.

A convocatoria determinará o número e a categoría/corpo das prazas convocadas; o departamento e a/s especialidade/s de coñecemento a que se adscriben as prazas; os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes; o prazo de presentación de solicitudes; o modelo de solicitude e a documentación que a acompañará; de ser o caso, as probas que se realizarán; o prazo para resolver o procedemento; e os recursos que procedan, cos prazos e o órgano perante o que se deban presentar.

As convocatorias das prazas dos corpos docentes universitarios publicaranse no *Boletín Oficial do Estado* (BOE), no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e no taboleiro electrónico oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC). As convocatorias das prazas de persoal docente laboral publicaranse no TEO e anunciaranse no DOG. Con fin de garantir a súa difusión, todas as convocatorias han de lle ser comunicadas ao rexistro público de concursos de persoal docente e investigador do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e ao rexistro da plataforma Euraxess Jobs, xestionada pola Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT).

2. As prazas non se poderán perfilar máis aló da adscrición a unha ou máis especialidades de coñecemento, agás as prazas de profesorado asociado e de profesorado asociado de Ciencias da Saúde, en que poderán figurar as materias que se impartirán.

3. As solicitudes para participar nos concursos dirixiranse ao/á reitor/a e presentaranse a través da sede electrónica da UDC.

As persoas aspirantes deberán presentar unha solicitude e a documentación que se requira na convocatoria por cada unha das prazas a que concursen.

O prazo de presentación de solicitudes non poderá ser inferior a dez días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE para o caso das convocatorias das prazas de profesorado de corpos docentes universitarios, e do anuncio no DOG no caso das

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	1/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



prazos de profesorado laboral convocadas polo procedemento ordinario. Nas convocatorias polo procedemento de urxencia o prazo non poderá ser inferior a cinco días hábiles.

### 3. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes:

#### 1. Requisitos de carácter xeral:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo coa lexislación vixente, permita o acceso ao emprego público.
- b) Cumprir os requisitos de idade máxima e mínima legalmente establecidos para o acceso ao emprego público.
- c) No caso de prazos con vinculación asistencial, posuír o título de especialista que corresponda.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións ou tarefas.
- e) Non estar separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ser despedido/a mediante un expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional a que pertencía.
- f) No caso de persoas nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a nin en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

#### 2. Requisitos específicos para cada figura:

- a) Catedrático/a de universidade, profesor/a titular de universidade, profesor/a permanente laboral: posuír o título de doutor/a e contar coa acreditación correspondente, emitida pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, as axencias de calidade das comunidades autónomas recoñecidas no territorio de Galicia.
- b) Profesor/a axudante doutor/a: posuír o título de doutor/a.
- c) Profesor/a asociado/a e profesor/a asociado/a de Ciencias da Saúde: ser especialista ou profesional de recoñecida competencia que acredite exercer a súa principal actividade profesional fóra do ámbito académico universitario e, de ser o caso, posuír a titulación específica requirida.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	2/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- d) Profesor/a substituto/a: posuír o título de grao ou equivalente ou, no caso de que o estableza así a convocatoria, de diplomatura.

#### 4. Documentación das solicitudes

Para seren admitidas no proceso de selección as persoas aspirantes acompañarán a solicitude, realizada no modelo oficial establecido pola UDC, da seguinte documentación:

- A copia do documento nacional de identidade (DNI), ou documento equivalente, en vigor.
- A acreditación de que se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria.
- Para as prazas de profesorado axudante doutor, profesorado asociado, profesorado asociado de Ciencias da Saúde e profesorado substituto, o currículo segundo o modelo oficial establecido pola UDC e a documentación xustificativa dos méritos.
- O xustificante de aboar as taxas.

#### 5. Procedemento de admisión

- Tras rematar o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no TEO, como máximo nos dez días hábiles seguintes, a resolución reitoral coa relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, e se for o caso, das causas de exclusión.
- As persoas aspirantes excluídas disporán de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión ou presentaren alegacións contra a eventual omisión na relación. Logo de que transcorra este prazo, o/a reitor/a ditará a resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se publicará no TEO xunto coa composición da comisión de selección.
- De acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos integrantes do proceso selectivo serán obxecto de publicación no TEO, que producirá os efectos da notificación.

#### 6. Composición das comisións de selección

- As comisións de selección estarán formadas preferentemente por persoal docente e investigador permanente e sempre con titulación e categoría igual ou superior á establecida para a praza convocada, tendo en conta as posibles equivalencias no caso de persoal doutros organismos. Deberán pertencer á/s especialidade/s de coñecemento a que estea adscrita a praza ou, de non ser posible, a especialidades afíns. Unicamente a estes efectos terán consideración de especialidades de coñecemento afíns as agrupadas en cada unha das seccións recollidas no anexo V.
- En casos excepcionais e debidamente motivados, poderá formar parte das comisións de selección o profesorado das universidades dos estados membros da Unión Europea que ocupe nelas unha posición equivalente á da praza convocada.
- As comisións de selección das prazas de corpos docentes, de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor estarán compostas por cinco membros titulares e cinco suplentes. Cando menos tres membros titulares e outros tres suplentes serán alleos á UDC e serán

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Asinado Por	Páxina	3/26
Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández		
Observacións		
Uri De Verificación		<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



elixidos por sorteo público a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada polo departamento correspondente.

O consello de departamento propondrá a presidencia e a secretaría, titulares e suplentes, que serán preferentemente da UDC, e unha relación de dezaseis profesores/as ou persoal investigador de igual ou superior categoría á praza convocada, alleos á UDC, entre os que se realizará o sorteo de xeito que se cumpra o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

4. De se tratar de prazas asistenciais dos corpos docentes universitarios, dous dos membros, que deberán ser doutores ou doutoras en posesión do título de especialista que se esixa para concursar á praza, serán elixidos/as por sorteo público polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Na comisión garantirase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5. Nas prazas convocadas para a estabilización de persoal procedente dos programas de ciencia excelente recoñecidos pola Comunidade Autónoma, a comisión estará integrada maioritariamente por persoas externas á universidade elixidas polo departamento correspondente a partir dunha listaxe cualificada de profesorado e persoal investigador. Esta selección xustificárase debidamente e garantirase, en todo caso, a publicidade dos criterios de selección dos seus membros a través do TEO da UDC. Na comisión garantirase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

6. As comisións de selección nos concursos correspondentes a prazas de profesorado asociado, profesorado substituto e profesorado asociado de Ciencias da Saúde estarán compostas por tres membros.

A presidencia da comisión corresponderalle á dirección do departamento a que estea vinculada a praza. Nas prazas de profesorado asociado e profesorado substituto, o consello de departamento propondrá dous membros titulares e seis membros suplentes pertencentes á UDC e da/s especialidade/s de coñecemento a que estea adscrita a praza ou, de non ser posible, de especialidades afíns. Actuará como secretario/a o membro de menor categoría e antigüidade. Nas prazas de profesorado asociado de Ciencias da Saúde, un dos membros propostos pertencerá á UDC e outro ao SERGAS, que pertencerá á especialidade de coñecemento para a que se convoque a praza, e actuará como secretario/a o membro proposto pola UDC.

De non poder actuar a persoa proposta para a presidencia será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade. No caso de non poderen actuar as persoas propostas para a secretaría ou para a vogalía serán substituídas polo/a primeiro/a vogal suplente e así sucesivamente, garantindo sempre o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

7. Nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto. Este membro deberá ser designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte do Servizo de Persoal Docente e Investigador ao comité de empresa de PDI laboral.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	4/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



8. Os membros das comisións poderán estar en calquera situación administrativa, agás as de excedencia ou suspensión de funcións e tomarase como referencia a data de publicación da composición da comisión no BOE para as prazas de corpos docentes e no TEO para as prazas de persoal laboral.

9. De acordo co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e do artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. Tampouco poderá facelo o profesorado substituto e o profesorado contratado interino de substitución.

10. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando conorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, que deberá ser comunicada pola persoa afectada ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. A apreciación da causa alegada correspóndelle á vicerreitoría con competencias en profesorado, que deberá resolver nun prazo de tres días hábiles e substituíla pola persoa suplente que corresponder.

11. Os membros das comisións de selección de profesorado permanente laboral, titular de universidade e catedrático/a de universidade terán dereito a percibir as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

12. Os membros das comisións deberanse abster de actuar, e as persoas interesadas poderanos recusar, en calquera momento do procedemento, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e deberán manifestar expresamente as causas que os inhabilitan.

Así mesmo, de acordo co artigo 32.4 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, os membros das comisións deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da comisión cando conorra algunha das seguintes circunstancias respecto dalgunha das persoas candidatas:

- Ser coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
- Manter relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto con algunha persoa candidata.
- Dirixir a súa tese de doutoramento defendida nos últimos seis anos.

13. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

## 7. Constitución e actuación das comisións de selección

1. Nos concursos de acceso a prazas dos corpos docentes universitarios, unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes, a presidencia da comisión, tras a consulta cos restantes

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	5/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



membros, convocará os membros titulares e suplentes para o acto de constitución, que se realizará nos trinta días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva.

2. Nos concursos de prazas de persoal laboral, unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes, a presidencia da comisión, tras a consulta cos restantes membros, incluída a representación dos/as traballadores/as, convocará os membros titulares e suplentes, para o acto de constitución, que se realizará no prazo de dez días hábiles desde a publicación da relación definitiva.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese constituír no referido prazo, a presidencia deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes. Logo de que transcorran os prazos antes indicados sen que se constituía a comisión, o/a reitor/a nomeará unha nova presidencia.

3. Con carácter xeral, a comisión actuará no centro a que estea adscrito o departamento que solicite a praza ou, excepcionalmente, no centro da UDC de que formen parte a maioría dos membros da comisión.

4. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de todos os seus membros, incluída a representación do persoal traballador no caso das prazas de persoal laboral. Se algún dos membros titulares non puidese asistir por causas sobrevidas será substituído polo correspondente suplente: no caso da presidencia e da secretaría, polo suplente establecido e, no caso dos/das vogais, polo primeiro suplente e así sucesivamente, garantindo o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5. Para a válida actuación das comisións de selección de persoal funcionario requírese, cando menos, a asistencia de catro dos seus membros.

6. Para a válida actuación das comisións de selección do profesorado axudante doutor e permanente laboral requírese, cando menos, a asistencia de catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que deberá estar a presidencia e a secretaría, e a representación do persoal traballador.

Nas comisións de selección das prazas de profesorado asociado, asociado de Ciencias da Saúde e substituto será obrigada a presenza de todos os seus membros.

7. A participación nas comisións dos membros alleos á UDC realizarase por defecto a través dos procedementos telemáticos institucionais. Naqueles concursos en que se realicen probas de selección será necesaria a presenza, cando menos, da presidencia ou da secretaría xunto coa das persoas candidatas.

8. No acto de constitución, a comisión de selección establecerá os criterios de valoración –dentro do marco establecido polo baremo, modelo ou directriz desta normativa que corresponda a cada tipo de praza–, que en calquera caso, terán en conta os principios de igualdade, mérito e capacidade das persoas aspirantes.

Os criterios de valoración publicaranse no TEO. Unha vez publicados, os membros da comisión terán acceso á documentación presentada polas persoas candidatas xunto coa solicitude.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	
Observacións	Páxina	6/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	





9. Os acordos das comisións serán motivados e adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade da presidencia.

10. A proposta de resolución deberase publicar no prazo máximo de trinta días hábiles desde a constitución da comisión. Se por causa xustificada a comisión non puidese resolver no citado prazo, a presidencia da comisión poderalle solicitar á vicerreitoría con competencias en profesorado un prazo adicional de quince días hábiles. De non ser así, nomearase unha nova presidencia.

## 8. Procedemento de selección

1. Nos concursos de prazas dos corpos docentes universitarios e de profesorado permanente laboral, unha vez publicados os criterios de valoración dos méritos, a persoa que ocupa a presidencia da comisión convocará as persoas aspirantes para o acto de presentación. A convocatoria farase a través do TEO cunha antelación mínima de sete días hábiles e deberá incluír o lugar, a data e a hora de presentación.

No acto de presentación, que será público, as persoas candidatas entregaranlle á presidencia da comisión o currículo e a documentación acreditativa dos méritos en soporte electrónico. De non estar presente presencialmente a persoa que ocupe a presidencia, entregaranllo a quen ocupe a secretaría ou a quen desempeñe as funcións de custodia da documentación.

- a) Nos concursos correspondentes a cátedras de universidade, as persoas aspirantes entregarán tamén o proxecto investigador orixinal que desenvolverán no caso de lles ser outorgada a praza.
  - b) Nos concursos correspondentes a prazas de profesorado titular de universidade e de profesorado permanente laboral, as persoas aspirantes que superen a primeira proba – descrita en 8.5a– entregarán un proxecto docente, que deberá corresponder a unha materia obrigatoria ou de formación básica da especialidade de coñecemento a que se adscriba a praza, e o proxecto investigador que desenvolverán caso de lles ser adjudicada a praza, ambos en soporte electrónico.
  - c) O proxecto investigador mencionado nos apartados a) e b) terá unha extensión máxima de 50 000 caracteres (incluídos espazos). Terá que ser un proxecto orixinal e deberase referir, cando menos, aos seguintes aspectos: descrición da proposta científica; antecedentes, estado actual e xustificación (incluíndo bibliografía esencial); obxectivos xerais e específicos; metodoloxía e impacto científico-técnico esperado.
  - d) O proxecto docente mencionado no apartado b) terá unha extensión máxima de 100 000 caracteres (incluídos espazos) e deberase referir, cando menos, aos seguintes aspectos: datos descritivos da materia, sentido da materia no plan de estudos, obxectivos, desenvolvemento do temario, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, bibliografía e criterios de avaliación.
2. A secretaría da comisión garantirá que a documentación entregada polas persoas concursantes poida ser consultada antes do inicio das probas por todas as persoas candidatas que o desexaren.
3. Os concursos de acceso ás cátedras de universidade constarán dunha única proba, que será pública, e consistirá na exposición e defensa oral dos méritos e o historial académico, docente,

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	7/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



investigador –incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento–, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial de cada persoa candidata e do proxecto investigador que desenvolverá caso de lle ser outorgada a praza. Esta exposición non poderá exceder dos sesenta minutos. Seguidamente, a comisión debaterá coa persoa candidata sobre os contidos da exposición durante un tempo máximo de dúas horas. Tras rematar a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados. Para superar o concurso será necesario obter como mínimo tres votos favorables.

No caso de que exista unha única persoa aspirante, a comisión, despois de analizar a documentación presentada, se considera por unanimidade que resulta suficiente para superar o concurso de selección, poderaa eximir de realizar a proba.

4. As cátedras de universidade convocadas por promoción interna realizaranse por concurso de méritos. Só poderán acceder a estas prazas os profesores e as profesoras que prestasen, como mínimo, dous anos de servizos efectivos no posto de orixe e estean acreditados para esta categoría. No acto de constitución, a comisión establecerá a data de entrega por parte da/s persoa/s candidatas do curriculum vitae e da documentación dos méritos alegados, que terá que ser posterior á da publicación dos criterios de valoración.

5. Os concursos de acceso ao corpo de profesorado titular de universidade e os de profesorado permanente laboral constarán de dúas probas, ambas de carácter eliminatorio, que serán públicas.

- a) A primeira proba consistirá na exposición e defensa oral dos méritos e o historial académico, docente, investigador, incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial de cada persoa candidata. A exposición non poderá exceder dos sesenta minutos, e irá seguida dun debate coa comisión durante un tempo máximo de dúas horas. Tras rematar a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados. A acta de votación publicarase no TEO. Para superar a primeira proba será necesario obter como mínimo tres votos favorables. A comisión publicará no TEO a convocatoria para a segunda proba indicando a data, a hora e o lugar de entrega dos proxectos docente e investigador por parte das persoas candidatas e a data, a hora e o lugar do inicio da realización das probas xunto coa orde de intervención das persoas aspirantes.
- b) A segunda proba consistirá na exposición oral en sesión pública do proxecto docente e do proxecto investigador durante un tempo máximo de sesenta minutos. Seguidamente, a comisión debaterá con cada unha das persoas aspirantes sobre os contidos da súa exposición durante un tempo máximo de dúas horas. Tras rematar a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.
- c) Nas prazas de profesorado titular de universidade, cando exista unha única persoa aspirante e teña a condición de titular de universidade, de profesor/a contratado/a doutor/a ou de profesor/a permanente laboral, a comisión, despois de analizar a documentación que presentase, se considera por unanimidade que resulta suficiente para superar o concurso de selección, poderaa eximir de realizar as probas.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	8/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





6. Os concursos para contratar profesorado axudante doutor, asociado, asociado de Ciencias da Saúde e substituto consistirán na valoración dos méritos e o historial académico, docente, investigador, incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento, profesional e, de ser o caso, sanitario asistencial, aplicando os criterios establecidos previamente no marco do baremo desta normativa.

### 9. Proposta de resolución

1. Nas prazas de profesorado dos corpos docentes e de profesorado permanente laboral, as comisións redactarán as actas de valoración da/s correspondentes proba/s.

Nas prazas de profesorado axudante doutor, asociado, asociado de Ciencias da Saúde e substituto, as comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación de cada un/unha dos/as concursantes, en todos e cada un dos apartados do baremo.

2. Seguidamente, as comisións de selección formularán a súa proposta de provisión, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación. Nas prazas de profesorado laboral incluírase un informe do representante sindical que, no caso de ser desfavorable, debe estar motivado.

3. Se a comisión considera que ningunha das persoas candidatas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto do concurso, poderá propor a non provisión da praza e xustificar as causas que motivan tal proposta.

4. A proposta de resolución publicarase no TEO xunto coa acta das cualificacións e, no caso das prazas de profesorado laboral, o sentido do informe da representación do persoal traballador.

5. As persoas concursantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, a partir desta publicación, para presentar reclamacións razoadas contra a proposta.

As reclamacións presentaranse a través do rexistro electrónico da UDC e irán dirixidas ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.

6. Transcorrido o prazo, e no suposto de non haber reclamacións contra a proposta, a presidencia da comisión remitiralle todas as actuacións practicadas ao Servizo de Persoal Docente e Investigador en formato electrónico, para os efectos da resolución do concurso e da expedición do nomeamento ou da formalización do contrato.

7. No suposto de que se presentase reclamación, a comisión de selección trasladaralle o expediente administrativo do concurso, acompañado dun informe razoado sobre esta, ao Servizo de Persoal Docente e Investigador no prazo máximo de 5 días hábiles, que o remitirá á presidencia da respectiva Comisión de Reclamacións. O nomeamento ou a contratación suspenderase ata que recaia resolución reitoral.

8. No caso de que se propoña a non provisión da praza o/a reitor/a decidirá se procede deixar esta deserta ou iniciar un novo procedemento.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	9/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## 10. Actuación das comisións de reclamacións

1. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado dos corpos docentes universitarios estará composta por membros con ampla experiencia docente e investigadora, designados na forma e o número que establezan os Estatutos.

2. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral estará presidida pola persoa responsable da vicerreitoría con competencias en profesorado e composta por cinco membros do persoal docente e investigador permanente de distintos ámbitos de coñecemento designados polo Consello de Goberno a proposta da Comisión de Organización Académica e Profesorado. Con voz mais sen voto, haberá unha persoa nomeada polo comité de empresa do persoal docente e investigador laboral.

3. As Comisións de Reclamacións quedarán validamente constituídas coa metade máis un dos seus membros. Adoptarán os seus acordos por maioría.

4. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado dos corpos docentes universitarios deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de tres meses desde a recepción das actuacións ou do expediente administrativo do concurso. Para estes efectos poderá solicitar os asesoramentos que estime oportunos. Logo de que transcorra o prazo anterior sen notificar a resolución entenderase desestimada a reclamación presentada.

5. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou do expediente administrativo do concurso. Para estes efectos poderá solicitar os asesoramentos que estime oportunos. Logo de que transcorra o prazo anterior sen notificar a resolución entenderase desestimada a reclamación presentada.

6. As Comisións de Reclamacións garantirán a igualdade de oportunidades das persoas aspirantes en relación co procedemento e o respecto aos principios de mérito e capacidade, sen que en ningún caso a súa actuación poida substituír as valoracións de fondo realizadas polas comisións de selección sobre a idoneidade das persoas aspirantes.

7. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado dos corpos docentes universitarios oírán os membros da comisión contra cuxa proposta se presentase reclamación e as persoas candidatas que participasen nelas, e examinará o expediente do concurso para velar polo cumprimento das garantías establecidas.

Poderá ratificar ou non a proposta da comisión de selección. Os seus acordos serán motivados. Poderanse emitir votos particulares que, en todo caso, deberán estar fundamentados.

8. A Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral poderá tomar os seguintes acordos:

- a) ratificar a proposta da comisión de selección,
- b) ordenar a retroacción do procedemento ao momento en que se apreciase algunha infracción do procedemento,
- c) propor o nomeamento dunha nova comisión de selección.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	10/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## 11. Resolución dos concursos

1. Logo de recibir o expediente administrativo do concurso, o/a reitor/a ditará unha resolución motivada e atribuíralle a praza á persoa seleccionada pola comisión.
2. No caso das prazas dos corpos docentes universitarios a resolución publicarase no BOE e no DOG. No caso das prazas de profesorado laboral a resolución publicarase no TEO.
3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nas prazas dos corpos docentes universitarios, ou perante o Xulgado do Social da Coruña de conformidade co establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, de se tratar de prazas de profesorado laboral.

Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante o/a reitor/a, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 12. Contratación e incorporación

1. Nas prazas de profesorado funcionario, a persoa candidata nomeada deberá tomar posesión da praza no prazo de vinte días que conta desde o seguinte ao de publicación do nomeamento no BOE, momento en que adquirirá a condición de funcionario/a do corpo docente de que se trate.
2. Nas prazas de profesorado permanente laboral, axudante doutor, asociado e asociado de Ciencias da Saúde, o Servizo de Persoal Docente e Investigador requiríralle á persoa seleccionada a documentación correspondente para poder asinar o contrato no prazo de dez días hábiles. No caso do profesorado substituto o prazo será de cinco días hábiles.

Se houber lugar á presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, o prazo para o nomeamento ou a contratación quedará automaticamente prorrogado ata a súa resolución, logo de acreditar a presentación da solicitude de compatibilidade dentro de prazo.

3. A persoa seleccionada incorporárase na data de inicio que indique o seu contrato.

No suposto de que a persoa adxudataria renunciase á praza, non formalizase o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou se lle denegase esta autorización, o/a reitor/a asignaralle a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta de provisión, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura dun novo concurso.

4. A persoa contratada deberá acreditar no prazo de dous anos o coñecemento da lingua propia da UDC. A Universidade adoptará as medidas necesarias para que o profesorado contratado adquiera o coñecemento da lingua galega. As persoas que non sexan nacionais de Estados que teñan como lingua oficial o español terán que acreditar documentalmente o seu coñecemento.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	11/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### Disposición derogatoria

Queda derogada a Normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios (aprobada polo Consello de Goberno do 10/12/2008 e modificada por acordo do 28/02/2018), a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30/04/2014), a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do profesorado contratado doutor (aprobada polo Consello de Goberno do 30/04/2014) e as Normas de adaptación dos procedementos de selección de PDI á Lei orgánica do sistema universitario e á súa normativa de desenvolvemento (aprobadas en Consello de Goberno do 27/04/2023, 24/10/2023 e do 5/06/2024).

Quedan igualmente derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan o disposto nesta Normativa.

### Disposición transitoria

Ata a entrada en vigor da listaxe de especialidades de coñecemento a que fai referencia o Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, as referencias ás especialidades de coñecemento que figuran neste regulamento entenderanse realizadas ás áreas de coñecemento relacionadas no anexo I do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.

### Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado  
P.D. do reitor (RR 10/07/2024)  
Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	12/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO I. Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado**

O baremo está organizado en catro bloques. A ponderación dos méritos en cada un dos bloques axustarase a cada figura de profesorado segundo o establecido no seguinte cadro:

Figura	I. Formación académica	II. Experiencia docente	III. Experiencia investigadora e de transferencia	IV. Experiencia profesional
Profesorado axudante doutor	35	30	30	5
Profesorado substituto	30	30	30	10
Profesorado asociado	10	15	15	60

Naqueles apartados deste baremo en que algunha das persoas candidatas exceda a puntuación máxima establecida normalizaranse todas as puntuacións para lle outorgar a puntuación máxima establecida na correspondente sección do baremo á persoa que obtivese maior puntuación, mentres que a puntuación do resto das persoas candidatas se calculará segundo a seguinte fórmula:

$$PN = (PC/PCMP) \times PMA$$

PN: puntuación normalizada

PC: puntuación da persoa candidata

PCMP: puntuación da persoa candidata con maior puntuación

PMA: puntuación máxima permitida polo apartado.

**Todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado en que se actuará conforme ao aí establecido.**

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	13/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

### 1. Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos

Valorarase o expediente académico segundo a nota media calculada sobre 10. No caso de posuír unha licenciatura ou titulación equivalente, a nota media suporá o 100 % da puntuación nesta sección. No caso de posuír unha titulación de grao ou unha diplomatura, a nota media computará un 80 % da cualificación global e a de mestrado un 20 %.

A nota media multiplicarase por 5.

Nota: no caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 na certificación académica, haberá que achegar tamén a declaración da nota media no formulario normalizado. De non facelo, considerarase que a cualificación obtida na titulación é de 5 puntos.

### 2. Tese de doutoramento. Puntuación máxima: 30 puntos

A puntuación outorgarase segundo a cualificación obtida: sobresaliente cum laude ou apto cum laude (10 puntos), sobresaliente (9 puntos), apto (8 puntos), notable (7 puntos), aprobado (5 puntos). Cando a tese de doutoramento obtivese a mención europea ou internacional sumaranse 2 puntos.

A puntuación obtida multiplicarase por 2,5.

### 3. Premios extraordinarios. Puntuación máxima: 10 puntos

Premios extraordinarios de grao ou de licenciatura. Premio nacional (6 puntos), 2º premio nacional (4 puntos), 3º premio nacional (2 puntos), mención do premio nacional (1 punto), premio autonómico (2 puntos), premio da universidade (1 punto). En caso de acadar varios premios só se terá en conta o de maior puntuación.

Premio extraordinario de mestrado: 1,5 puntos.

Premio extraordinario de doutoramento: 2,5 puntos.

Só se terá en conta un premio por cada nivel de estudos.

### 4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se terán en conta as titulacións non valoradas en I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado ou doutoramento): 2 puntos por cada titulación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións académicas oficiais expedidas polas autoridades competentes. No caso dos méritos alegados en I.1, achegarase a declaración de nota media xunto coa certificación académica cando nesta non figure a nota media calculada sobre 10.

## II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

### 1. Docencia universitaria en titulacións oficiais. Puntuación máxima: 80 puntos

A valoración da docencia impartida realizarase segundo a dedicación a tempo total ou parcial dos contratos: tempo completo (8 puntos por ano), P6 (6 puntos por ano), P5 (5 puntos por ano), P4 (4 puntos por ano), P3 (3 punto por ano). En contratos de duración inferior a un ano, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	14/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





No caso de contratos predoutorais e posdoutorais, a valoración será por hora de docencia: 0,03 puntos por hora impartida. O número de horas valoradas non poderá ser superior ao máximo de horas de docencia recollidas nas convocatorias dos contratos.

Docencia impartida en centros privados ou adscritos: 50 % das puntuacións anteriores.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: folia de servizos ou contrato de traballo, e certificación de docencia asinada pola autoridade competente.

## 2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Só se poderá presentar un máximo de cinco méritos seleccionados de entre as seguintes categorías:

- a) a última avaliación recibida no programa Docentia (valoración excelente: 4 puntos; valoración notable: 3 puntos; valoración suficiente: 2 puntos)
- b) manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro)
- c) participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso)
- d) estadias docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)
- e) mobilidade docente STA ou similares (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)
- f) premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)
- g) artigos de docencia publicados en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)
- h) comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado)
- i) formación docente impartida (1 punto por cada bloque completo de 50 horas)
- j) formación docente ou de especialización recibida (1 punto por cada bloque completo de 100 horas).
- k) coñecemento da lingua inglesa (nivel C2: 4 puntos; nivel C1: 3 puntos; nivel B2: 2 puntos; nivel B1: 1 punto).

Dentro de cada categoría poderase presentar máis dun mérito, agás no caso da avaliación do programa Docentia.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Asinado	Data e hora	16/12/2024 14:58:04
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Páxina	15/26		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



### III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

#### 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Nas publicacións científicas poderase aplicarse un coeficiente multiplicador de entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores e a posición do/a autor/a na publicación e, no caso das revistas, a súa posición nas bases de datos.

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA *Online catalogue* (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT. A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos.

Os libros e capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

As publicacións en actas de congresos só poderán ser valoradas nesta sección para o ámbito de coñecemento das enxeñarías cando se trate de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia. Cada unha destas contribucións poderase valorar cun máximo de 2,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: no caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/ou ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libro, a copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais.

#### 2. Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Poderase aplicar un coeficiente multiplicador de entre 0,5 e 1 que poderá ter en conta o número de autores e o carácter nacional ou internacional da reunión.

Só se poderán presentar un máximo de 10 contribucións, co límite dunha comunicación por congreso. Só se terán en conta os traballos presentados en reunións científicas organizadas por asociacións científicas nacionais ou internacionais.

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos a que se sumarán outros 0,5 puntos se recibiu algún premio.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación de participación no congreso e o resumo do traballo ou a copia da publicación no volume de actas.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	16/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### 3. Bolsas e contratos pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Valoraranse unicamente os contratos de formación predoutoral e posdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva e outras de carácter equivalente.

A valoración será de 2,5 puntos por ano de bolsa ou de contrato. No caso de contratos inferiores a un ano de duración, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente en que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a da bolsa.

### 4. Estadías pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se valorarán as estadías realizadas en centros de prestixio e cando a persoa candidata tivese un vínculo contractual coa universidade ou cunha institución de investigación ou cando fosen realizadas nun programa específico de financiamento da mobilidade investigadora. Para ser valorada a estadía deberá ser dun mínimo de quince días.

A valoración será de 0,25 puntos por mes (ou, de ser o caso, parte proporcional).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o permiso da institución de orixe, convite do centro de destino e certificación da realización da estadía.

### 5. Dirección de teses. Puntuación máxima: 5 puntos.

Só se valorarán as teses de doutoramento defendidas, con 2,5 puntos por tese. Nas codireccións, a puntuación dividirase entre o número de directores/as. A mención de doutoramento internacional sumará 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación expedida pola autoridade académica competente.

### 6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación. Puntuación máxima: 20 puntos

A participación en proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas realizadas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, e con avaliación externa [Consejo Europeo de Investigación (ERC), Agencia Estatal de Investigación (AEI), axencias autonómicas], valorarase segundo o tipo de proxecto e de participación. No caso de ser investigador/a principal (IP) a valoración será de 6 puntos por proxecto europeo; 4 puntos por proxecto estatal; 2 puntos por proxecto autonómico; 1 punto noutros casos. No caso de ser membro do equipo de investigación ou de traballo ou contratado como investigador/a con cargo a proxecto, a puntuación será a metade.

A participación en convenios ou contratos de investigación regulados polo artigo 83 LOU ou 60 LOSU valorarase cun máximo de 3 puntos por convenio, de acordo coas seguintes indicacións, sempre que a persoa sexa IP: financiamento ata 10 000 €, 0,2 punto por convenio; financiamento

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	17/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



superior a 10 000 €, 0,4 puntos por cada 10 000 €. No caso de ser membro do equipo, a puntuación será a metade.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: unha certificación expedida pola autoridade académica competente en que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, o financiamento recibido e o tipo de participación da persoa candidata.

#### **7. Accións de transferencia e divulgación.** Puntuación máxima: 10 puntos

Só se poderá presentar un máximo de 5 méritos.

Valoraranse as patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvolvementos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off e outras actividades de transferencia e divulgación, incluídos, nas especialidades de coñecemento que proceda, o comisariado ou organización de exposicións, a elaboración de informes técnicos e os proxectos singulares arquitectónicos ou de enxeñaría, cunha puntuación máxima de 2 puntos por mérito.

DOCUMENTACIÓN: as certificacións emitidas polos organismos correspondentes.

#### **IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL.** Puntuación máxima: 100 puntos

Valoraranse unicamente os méritos na especialidade de coñecemento da convocatoria. No caso do profesorado asociado e do profesorado asociado de Ciencias da Saúde, unicamente os da actividade específica definida para a praza obxecto de concurso.

Valorarase a experiencia profesional, incluída a docencia regrada non universitaria. A valoración máxima será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

No caso das prazas de profesorado asociado e de profesorado asociado de Ciencias da Saúde, poderase valorar a experiencia como titor/a no ámbito profesional de prácticas externas cun máximo de 0,25 puntos por cada 100 horas. A valoración máxima por este concepto será de 10 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas. Para as prácticas externas, a certificación expedida pola universidade.

#### **Mérito preferente nos concursos de axudante doutor/a**

En aplicación da disposición transitoria terceira da LOSU, a acreditación de profesor/a axudante doutor/a considerarase como un mérito preferente para os efectos do acceso a esta figura de profesorado. A puntuación das persoas candidatas que acheguen esta acreditación incrementarase nun 20 % durante o ano 2024, un 15 % no ano 2025 e un 10 % no ano 2026.

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	18/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## ANEXO II. Modelo para establecer por parte da comisión de selección os criterios de valoración nas prazas de profesorado axudante doutor, substituto e asociado

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/2024), acorda establecer os seguintes criterios:

### Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: \_\_\_\_\_

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

### Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

#### I. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

##### I.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

#### III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

##### III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coefficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Asinado Por	Páxina	19/26
Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández		
Observacións		
Uri De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

### III.2. Comunicacóns en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

### III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: \_\_\_\_\_

Código Seguro De Verificación	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Observacións		Páxina	20/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





### ANEXO III. Directrices para establecer por parte da comisión de selección os criterios de valoración nos concursos de cátedras de universidade

#### Quenda libre

Os criterios de valoración establecidos pola comisión de selección para elaborar os informes individuais preceptivos por parte dos seus membros deberán recoller, cando menos, as seguintes seccións: 1. Experiencia docente, 2. Experiencia investigadora e de transferencia, 3. Experiencia profesional e de xestión.

A experiencia docente e a experiencia investigadora e de transferencia deberanse valorar por igual.

Na experiencia docente valorarase, cando menos, a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

Na experiencia investigadora e de transferencia valoraranse, cando menos, as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación e convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

Na experiencia profesional e de xestión valórase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e na experiencia de xestión, cando menos, o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Na valoración do proxecto investigador terase en conta, cando menos, a súa adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado.

#### Prazas de promoción interna

Os criterios de valoración deberán recoller, cando menos, as seguintes seccións: 1. Experiencia docente, 2. Experiencia investigadora e de transferencia, 3. Experiencia profesional e de xestión.

A experiencia docente e a experiencia investigadora e de transferencia deberanse valorar por igual.

Na experiencia docente valorarase, cando menos, a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

Na experiencia investigadora e de transferencia valoraranse, cando menos, as publicacións

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	21/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación e convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

Na experiencia profesional e de xestión valórase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e na experiencia de xestión, cando menos, o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	22/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



#### ANEXO IV. Directrices para establecer os criterios de valoración dos méritos nos concursos de persoal permanente laboral e titular de universidade

Os criterios de valoración establecidos pola comisión de selección para elaborar os informes individuais preceptivos por parte dos seus membros deberán recoller, cando menos, as seguintes seccións: 1. Experiencia docente, 2. Experiencia investigadora e de transferencia, 3. Experiencia profesional e de xestión.

A experiencia docente e a experiencia investigadora e de transferencia deberanse valorar por igual.

Na experiencia docente valorarase, cando menos, a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

Na experiencia investigadora e de transferencia valorarase, cando menos, as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

Na experiencia profesional e de xestión valórase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e na experiencia de xestión, cando menos, o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Na valoración do proxecto docente terase en conta, cando menos, a adecuación do proxecto á descrición da materia na memoria do título, a calidade e a coherencia dos seus contidos, a súa calidade formal, ben como a claridade na súa exposición oral e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a comisión de selección.

Na valoración do proxecto investigador terase en conta, cando menos, a súa adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	Asinado	16/12/2024 14:58:04
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	
Observacións	Páxina	23/26
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



## ANEXO V. Especialidades de coñecemento afíns a efectos da constitución das comisións de selección

Unicamente aos efectos da constitución das comisións de selección terán a consideración de áreas de coñecemento afíns as agrupadas en cada unha das seguintes seccións:

### 1. Matemáticas

Álgebra; Análise Matemática; Estatística e Investigación Operativa; Xeometría e Topoloxía; Matemática Aplicada.

### 2. Física

Astronomía e Astrofísica; Física da Terra, Astronomía e Astrofísica; Electromagnetismo; Física Aplicada; Física Atómica Molecular e Nuclear; Física da Materia Condensada; Física da Terra; Física Teórica; Óptica.

### 3. Química

Química Analítica; Química Física; Química Inorgánica; Química Orgánica.

### 4. Ciencias da Natureza

Antropoloxía Física; Botánica; Cristalografía e Mineraloxía; Ecoloxía; Edafoloxía e Química Agrícola; Estratigrafía; Fisioloxía Vexetal; Xeodinámica Externa; Xeodinámica Interna; Paleontoloxía; Petroloxía e Xeoquímica; Zooloxía.

### 5. Bioloxía Celular e Molecular

Bioloxía Celular; Bioquímica e Bioloxía Molecular; Xenética; Microbioloxía.

### 6. Ciencias Biomédicas e especialidades clínicas afíns

Anatomía e Embrioloxía Humana; Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica; Farmacoloxía; Fisioloxía; Histoloxía; Inmunoloxía; Medicina Preventiva e Saúde Pública; Microbioloxía; Parasitoloxía; Toxicoloxía.

### 7. Medicina Clínica e Especialidades Médico-Cirúrxicas

Anatomía Patolóxica; Cirurxía; Dermatoloxía; Medicina; Medicina Legal e Forense; Obstetricia e Xinecoloxía; Oftalmoloxía; Otorrinolaringoloxía; Pediatría; Psiquiatría; Radioloxía e Medicina Física; Uroloxía; Traumatoloxía e Ortopedia.

### 8. Especialidades sanitarias

Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas; Enfermaría; Estomatoloxía; Fisioterapia; Nutrición e Bromatoloxía; Medicina e Cirurxía Animal; Sanidade Animal.

### 9. Enxeñaría Química, dos Materiais e do Medio Natural

Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica; Enxeñaría Agroforestal; Enxeñaría Nuclear; Enxeñaría Química; Enxeñaría Téxtil e Papeleira; Producción Animal; Producción Vexetal; Tecnoloxía dos Alimentos; Tecnoloxías do Medio Ambiente.

### 10. Enxeñaría Mecánica e da Navegación

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	24/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Ciencias e Técnicas da Navegación; Construcións Navais; Enxeñaría Aeroespacial; Enxeñaría dos Procesos de Fabricación; Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes; Enxeñaría Hidráulica; Enxeñaría Mecánica; Máquinas e Motores Térmicos; Mecánica de Fluídos; Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas; Proxectos de Enxeñaría.

#### 11. Enxeñaría Eléctrica e de Telecomunicacións

Electrónica; Enxeñaría de Sistemas e Automática; Enxeñaría Eléctrica; Enxeñaría Telemática; Tecnoloxía Electrónica; Teoría do Sinal e Comunicaciós.

#### 12. Enxeñaría Informática

Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores; Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial; Linguaxes e Sistemas Informáticos.

#### 13. Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo

Explotación das Minas; Composición Arquitectónica; Construcións Arquitectónicas; Expresión Gráfica Arquitectónica; Expresión Gráfica na Enxeñaría; Enxeñaría Cartográfica Xeodésica e Fotogrametría; Enxeñaría da Construción; Enxeñaría do Terreo; Prospección e Investigación Mineira; Proxectos Arquitectónicos; Urbanística e Ordenación do Territorio.

#### 14. Dereito

Dereito Administrativo; Dereito Civil; Dereito Constitucional; Dereito do Traballo e da Seguridade Social; Dereito Eclesiástico do Estado; Dereito Financeiro e Tributario; Dereito Internacional Privado; Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais; Dereito Mercantil; Dereito Penal; Dereito Procesual; Dereito Romano; Filosofía do Dereito; Historia do Dereito e das Institucións.

#### 15. Ciencias Económicas

Economía Aplicada; Economía, Socioloxía e Política Agraria; Fundamentos de Análise Económica; Historia e Institucións Económicas; Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa.

#### 16. Ciencias Empresariais

Comercialización e Investigación de Mercados; Economía Financeira e Contabilidade; Organización de Empresas.

#### 17. Ciencias da Educación

Didáctica da Expresión Corporal; Didáctica da Expresión Musical; Didáctica da Expresión Plástica; Didáctica da Lingua e da Literatura; Didáctica da Matemática; Didáctica das Ciencias Experimentais; Didáctica das Ciencias Sociais; Didáctica e Organización Escolar; Educación Física e Deportiva; Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación; Teoría e Historia da Educación.

#### 18. Ciencias do Comportamento

Metodoloxía das Ciencias do Comportamento; Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico; Psicobioloxía; Psicoloxía Básica; Psicoloxía Evolutiva e da Educación; Psicoloxía Social.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	25/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## 19. Ciencias Sociais

Antropoloxía Social; Biblioteconomía e Documentación; Ciencia Política e da Administración; Comunicación Audiovisual e Publicidade; Filosofía Moral; Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos; Xornalismo; Socioloxía; Trballo Social e Servizos Sociais.

## 20. Historia, Filosofía e Arte

Análise Xeográfica Rexional; Arqueoloxía; Ciencias e Técnicas Historiográficas; Filosofía; Xeografía Física; Xeografía Humana; Historia Antiga; Historia Contemporánea; Historia de América; Historia da Ciencia; Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos; Historia Medieval; Historia Moderna; Lóxica e Filosofía da Ciencia; Prehistoria; Debuxo; Escultura; Estética e Teoría das Artes; Historia da Arte; Música; Pintura.

## 21. Filoloxía e Lingüística

Estudos Árabes e Islámicos; Estudos de Asia Oriental; Estudos Hebreos e Arameos; Filoloxía Alemá; Filoloxía Catalá; Filoloxía Eslava; Filoloxía Francesa; Filoloxía Grega; Filoloxía Inglesa; Filoloxía Italiana; Filoloxía Latina; Filoloxía Románica; Filoloxía Vasca; Filoloxías Galega e Portuguesa; Lingua Española; Lingüística Xeral; Lingüística Indoeuropea; Literatura Española; Teoría da Literatura e Literatura Comparada; Tradución e Interpretación.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	16/12/2024 14:58:04
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	26/26
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/uqKZNakDPceIBPEVFlmthQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

